

**EXPEDIENTE CONTRATACIÓN SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR DO
CONCELLO DE MEIS (PONTEVEDRA)
PROCEDIMENTO ADXUDICACIÓN: ABERTO, CON VARIOS CRITERIOS
DE ADXUDICACIÓN. NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA.**

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN Nº 2: VALORACIÓN SOBRES “B” E
APERTURA SOBRES “C”**

Na Casa do Concello de Meis, ás doce horas quince minutos do día 2 de abril de 2019, reúnese a Mesa de Contratación no expediente para a adxudicación do servizo de a axuda no fogar do Concello de Meis (Pontevedra).

A mesa está integrada por:

Presidente: o Sr. concelleiro, D. Luis Miguel Pérez Argibay.

Vogais asistentes:

D^a. María del Carmen Merino Moína, secretaria do Concello,

D. Paula Herráez Blanco, interventora do Concello.

D. Daniel Alejandro Rubio Pérez, arquitecto municipal.

D^a Ana Rosa Vázquez Pérez, traballadora social do Concello.

Secretaria: D^a. María del Carmen Merino Moína.

1.-PRESENTACIÓN DE OFERTAS.- Presentaron ofertas no período de licitación de quince días naturais, a partir da publicación do anuncio no Perfil de contratante, as seguintes empresas:

Rexistro de Entrada	NIF	Empresa
2019-E-RC-600*	B70398425	SON A TÚA AXUDA, SL
2019-E-RC-606	B36577542	IDADES, SL
2019-E-RC-615	B70481494	SANAMEDE, SL
2019-E-RC-623*	B70091749	SERVICIOS SOCIALES ULLA SAR, SL

(*)Presentado por correo postal con aviso previo

**2.- INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN RELATIVA
AOS CRITERIOS CUXA PONDERACIÓN DEPENDA DUN XUÍZO DE VALOR:**

****Vista a cláusula 19 do Prego “Criterios de valoración”, que di:**

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta calidade-prezo atenderase a varios criterios de adxudicación.

A) CRITERIOS CUXA PONDERACIÓN DEPENDA DUN XUÍZO DE VALOR:

A.1.- Melloras da metodoloxía a empregar nos traballos: ata 40 puntos

Definición concreta das melloras na metodoloxía que se utilizará no desenvolvemento dos traballos obxecto do expediente de contratación e de todos aqueles ós que se compromete a executa-lo licitador.

Farase constar SOAMENTE AS MELLORAS para o servizo de axuda no fogar, tanto no relativo á metodoloxía de traballo como na descrición de medios

humanos e materiais. Non constará o mínimo esixido pola Lexislación vixente estatal, autonómica e local.

Incluirá un Plan de traballo detallado e Planificación do servizo.

**Visto o informe do servizo social do Concello contida nos sobres "B": criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor: Metodoloxía a empregar nos traballos presentados, a Mesa outorga a seguinte puntuación dacordo cós criterios de adxudicación e valoración establecidos nos Pregos:

Registro de Entrada	NIF	Puntuación
IDADES, SL	B70398425	40
SON A TÚA AXUDA, SL	B36577542	20
SANAMEDE, SL	B70481494	10
SERVICIOS SOCIALES ULLA SAR, SL	B70091749	10

3.-APERTURA DOS SOBRES "C": DOCUMENTACIÓN RELATIVA A CRITERIOS CUANTIFICABLES AUTOMÁTICAMENTE.-

** O Presidente procede á apertura dos sobres "C", presentados polas catro empresas arriba indicadas, que ofertan o seguinte prezo hora sen IVE.:

Empresa	Prezo Hora sen IVE	IVE	Prezo Hora con IVE
IDADES, SL	15,81	0,63	16,44
SON A TÚA AXUDA, SL	13,90	4%	14,45
SANAMEDE, SL	13,56	4%	14,10
SERVICIOS SOCIALES ULLA SAR, SL	16,78	0,67	17,45

**Vista a cláusula 19.B. do Prego de condicións administrativas particulares, relativa a criterios cuantificables automáticamente, que di:

"B.1.- Prezo: 25 puntos

Puntuaranse en orde decrecente as ofertas segundo o prezo ofertado:

Fórmula de valoración: $(\text{Menor Oferta Económica} / \text{Oferta a valorar}) \times \text{Puntuación Prezo}$.

$\text{Puntuación} = \frac{\text{Menor Oferta Económica} \times 25 \text{ puntos}}{\text{Oferta analizada}}$

B.2.- Prestación de servizos complementarios a maiores dos previstos nos pregos, sen custe adicional: ata 20 puntos.

Dentro deste apartado valorarásese exclusivamente a presentación por parte das empresas dos seguintes servizos complementarios destinados a mellorar e incrementar a calidade de vida das persoas usuarias e as súas familias, sen ningún custe adicional para o Concello nin a persoa usuaria, e en concreto:

- Oferta de préstamo de axudas técnicas: 10 puntos
- Servizos de limpeza xeral 4 puntos
- Servizo de acompañamento 4 puntos
- Servizo de podoloxía a domicilio 2 puntos

TOTAL

B.2.a) Oferta de préstamo de axudas técnicas (0-10 puntos máximo):

Grúas de mobilización persoal (10 unidades/ano como máximo)

Camas articuladas (15 unidades/ano como máximo)

Colchón antiescaras (15 unidades/ano como máximo)

Cadeiras de ducha/baño (20 unidades/ano como máximo)

Cadeiras de rodas (10 unidades/ano como máximo)

Lavacabezas para cama, alzas e andadores (20 unidades/ano como máximo)

A entrega no domicilio dos usuarios/as, recollida, mantemento, etc. será por conta do adxudicatarios.

A efectos de valoración non se terán en conta outras axudas técnicas diferentes ás expostas.

As empresas licitadoras deberán presentar descrición detallada e soporte fotográfico de ditas axudas técnicas, e ditas axudas deberán reunir as características de eficacia, seguridade, manexo sinxelo e fabricadas con materias resistentes e duradeiros.

Obterá a máxima puntuación por cada axuda técnica as empresas que oferten o maior número de unidades, tendo en conta que non se valorarán as unidades que superen o límite establecido, e 0 puntos as que non oferten axudas técnicas ou que oferten axudas distintas ás establecidas e, as demais restantes, valoraranse de xeito proporcional.

B.2.b) Servizo de limpeza xeral (0-4 puntos):

Cada servizo será de 3 horas mínimo e incluírá os produtos de limpeza, e será como máximo de 2 servizos ano/usuario.

Obterá a máxima puntuación (4 puntos) a empresa que oferte o maior número de servizos anuais en total, tendo en conta que non se valorarán as unidades que superen o límite establecido (de 2 servizos ano/usuario), e 0 puntos as que non oferten ningún servizo e as demais de xeito proporcional.

B.2.c) Servizo de acompañamento (0-4 puntos):

Trátase dun servizo complementario dirixido a aquelas persoas que carecen de apoio familiar e que polas súas características físicas, psíquicas ou sensoriais precisa dun acompañamento.

Obterá a máxima puntuación (4 puntos) a empresa que oferte o maior número de servizos anuais en total, tendo en conta que non se valorarán as unidades que superen o límite establecido (5 servizos ano/usuario como máximo), e 0 puntos as que non oferten ningún servizo e as demais de xeito proporcional.

B.2.d) Servizo de podoloxía a domicilio (0-2 puntos):

Será como máximo de 10 horas ano/usuario.

Obterá a máxima puntuación (2 puntos) a empresa que oferte o maior número de servizos anuais en total, tendo en conta que non se valorarán as unidades que superen o límite establecido (máximo de 10 horas ano/usuario), e 0 puntos as que non oferten ningún servizo e as demais de xeito proporcional.

B.3.- Certificados de calidade: ata 8 puntos

UNE 158301 : 5 puntos.

ISO 9001: 3 puntos.

B.4.- Formación: 7 puntos

Polo compromiso de formación ao persoal mediante a implantación de curso anual de 30 horas: 7 puntos.

A MESA DE CONTRATACIÓN, POR UNANIMIDADE, ACORDA :

Remitir a documentación contida nos sobres "C" ao servizo social do



Concello, para emisión de informe técnico de valoración das ofertas suxeitas a criterios cuantificables automáticamente.

Ás doce horas e corenta minutos remata esta sesión, de todo o transcrito nesta acta, eu, secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE

Asdo Luis Miguel Pérez Argibay

A SECRETARIA

Asdo M^a Carmen Merino Moína